

	IESMARÍACASARES. Departamento de Xeografía e Historia		3ºESO 2023-2024
	MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA		
	PROFESORADO: Eva María Fernández Fraguela Manuel Ramón Pousa Castelo (sección bil.) Gonzalo Francisco da Rocha		

CONTIDOS		
1ª AVALIACIÓN	1	A Idade Moderna, un novo período histórico. A época dos descubrimentos e o Renacemento
	2	A monarquía hispánica.
	3	O Século XVII en Europa, España e Galicia. O Barroco
	4	A crise de Antigo Réxime. A Ilustración
2ª AVALIACIÓN	5	O reformismo borbónico en España e Galicia
	6	O período napoleónico. Restauración e revolucións liberais. Os movementos nacionalistas
	7	España a comezos do XIX: Guerra de Independencia e constitución de Cádiz.
	8	Revolución industrial e industrialización. A sociedade de clases.
3ª AVALIACIÓN	9	A arte de fins do XVIII e comezos do XIX. Goya
	10	Organización política e territorial de España
	11	Os sectores económicos
	12	Os sectores económicos en Europa, España e Galicia

OBSERVACIÓNS: Segundo o *DECRETO 156/2022, do 15 de setembro*, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia os contidos de Historia referidos á Idade Moderna pasarían a formar parte do currículo de 2º da ESO. Porén, dende o departamento de Xeografía e Historia decidimos incluílos no curso de 3º da ESO, pois é non facelo así, e os contidos quedarían sentar para os alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO. Como queda indicado máis arriba serán abordados na primeira avaliación nas Unidades 1-5.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	70%
Actividades e traballo diario na aula: traballos, exercicios, participación, caderno de clase...	30%
NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO	
Media aritmética das tres avaliacións	

Probas/exames escritas (70% da cualificación global):

- Faranse, como mínimo, 2 probas escritas por avaliación
- No caso de que un alumno/a sexa descuberto copiando nunha proba escrita ou exame, sexa parcial, global ou final, se lle retirará dita proba que será cualificada cun 0.
- No caso de que un alumno/a non se presente a una proba ou exame durante as avaliacións ordinarias sen causa xustificada será cualificado cun 0
- No caso de que un alumno/a solicite facer unha proba ou exame ao que non se presentou, o seu profesor/a poderá demandar xustificación debidamente documentada das causas da súa ausencia; analizada esa xustificación o profesor/a tomará a decisión de repetirlle ou non dita proba

- O/A docente resérvase o dereito a corrixir un exame ou traballo ilexible.

- As probas escritas deben estar identificadas co nome e apelidos. Non se corrixen aquelas probas sin identificar; en caso de ser identificada con posterioridade, pode penalizarse o exame cun punto.

Para cualificar os **traballos, exercicios e caderno** (o 30% da nota da avaliación) teranse en conta: A ortografía (emprego de maiúsculas e minúsculas, uso de signos de acentuación e de puntuación); expresión escrita; emprego de marxes; emprego de bolígrafo azul ou negro; limpeza (ausencia de borróns ou tachóns). A acumulación de faltas neste sentido será penalizado con ata un punto na nota da proba escrita ou do traballo.

O caderno, traballos e exercicios que solicite o profesorado, cualificaranse polo menos unha vez por avaliación. No caso de que un alumno/a falte a clase, aínda que sexa xustificadamente, debe preocuparse de pescudar, preguntando aos seus compañeiros ou ao seu profesor/a, que traballos se fixeron e que materia foi dada para poñerse ao día

A non realización do traballo diario expresado no caderno/arquivador ou a non presentación de ditos caderno/arquivador para a súa avaliación impide superar a avaliación parcial correspondente aínda que as notas obtidas nas probas escritas sexan positivas. Cando o alumno/a presente dito caderno ou os traballos demandados, farase a media coas notas obtidas nas probas escritas, recuperando a avaliación.

- **Nota da avaliación parcial**

Será a media ponderada das notas obtidas nos diferentes apartados avaliativos: exames e traballos [nota avaliación = (nota media exames x 0,7) + (nota media exercicios x 0,3)]

Nas avaliacións, as notas con centésimas iguais ou superiores a 0'75 serán redondeadas cara arriba. Por debaixo desa cifra, quedarán co número enteiro inferior.

Por exemplo: 4'75 pasa a ser un 5; 4'70 é un 4.

Para acadar o aprobado é preciso ter un 5 na avaliación e, para aprobalo curso, conseguila mesma nota

Recuperación de avaliacións suspensas:

As avaliacións suspensas poderán recuperarse nun exame a final de curso. Cada estudante recuperará a/s parte/s suspensa/s. A nota da recuperación será a nota desa avaliación (non se incluírá as notas dos traballos)

CONTACTO CO PROFESORADO

A través da mensaxería de Edixgal e do teléfono do centro.